

Adenda á Programación Didáctica

Departamento de Tecnoloxía

CPI Plurilingüe dos Dices, Rois
Curso 2022-2023

Rois, marzo de 2023

Índice

06. Criterios de cualificación para superar cada unha das avaliacións e obtención da cualificación final.....	4
---	---

A programación didáctica do Departamento de Tecnoloxía modifícase no seu apartado 6 “Criterios de cualificación para superar cada unha das avaliacións e obtención da cualificación final” para dar cumprimento ao disposto na *ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

O apartado 6 da programación queda substituído polo seguinte:

06. Criterios de cualificación para superar cada unha das avaliacións e obtención da cualificación final.

Cualificación de cada avaliación:

A cualificación de cada unidade será un valor de 0 a 10 unha precisión de dúas cifras decimais.

A cualificación do alumnado en cada avaliación será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das unidades didácticas traballadas durante a avaliación. Para obter a cualificación que figura no boletín deberá redondearse o resultado da media aritmética ao enteiro superior no caso de que a parte decimal sexa igual ou superior a 0,70 e deberá truncarse a parte decimal no caso de que esta sexa inferior a 0,70.

A nota mínima dunha unidade didáctica para poder facer media coas restantes impartidas na avaliación, será de 3 sobre 10 puntos, e as unidades cunha nota inferior deberán ser recuperadas polo alumnado.

Ao inicio da avaliación seguinte realizarase unha proba de recuperación para superar as unidades nas que se obtivo unha avaliación negativa.

Cualificación final:

Para superar a materia os alumnos deberán superar as tres avaliacións parciais.

Os alumnos ou alumnas que teñan algunha avaliación non superada, despois de facer as recuperacións específicas de cada avaliación parcial, realizará actividades de reforzo e recuperación propostas polo profesor ou profesora. Para poder ser avaliado positivamente, o alumno ou alumna deberá realizar as tarefas propostas e facer unha proba final de recuperación da avaliación ou avaliacións non superadas. A cualificación obtida na proba de recuperación final, empregárase para actualizar a cualificación da avaliación ou avaliacións suspensas e será empregada para o cálculo da cualificación final.

A cualificación final do alumnado obterase de realizar o cálculo da media aritmética das cualificacións de cada avaliación con dúas cifras decimais. O resultado do cálculo anterior redondearase ao enteiro superior no caso de que a parte decimal sexa igual ou superior a 0,70 e deberá truncarse a parte decimal no caso de que esta sexa inferior a 0,70. A cualificación final do alumnado que teña as tres avaliacións superadas será como mínimo igual a 5 puntos.